



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 - C.I.F. P-1508600-B - MU 2000/196

AXUDAS A FAMILIAS VULNERABLES PARA GASTOS DE ELECTRICIDADE

O **Concello de Touro** destina 30.000 euros do Plan Social da Deputación para axudar nos pagos de electricidade a familias vulnerables.

Requisitos económicos dos fogares beneficiarios (que cumpran algún destes requisitos):

- Pensionistas que perciban a contía mínima vixente.
- Os beneficiarios do ingreso mínimo vital.
- Os beneficiarios da RISGA.
- Persoas en risco de exclusión social que carezan de medios económicos suficientes.
- Fogares con ingreso máximo anual de:
 - 1 membro adulto: menos de 16.212 euros
 - 2 membros adultos: menos de 20.265 euros
 - 3 membros adultos: menos de 24.318 euros

(por cada membro menor de idade increméntase o ingreso en 6.079 euros)

Cuantía da axuda:

Ata 150 euros por beneficiaria.

Prazo de solicitude:

Desde o **15** ata o **30 de novembro**.

MÁIS INFORMACIÓN no departamento de **SERVIZOS SOCIAIS** do

Concello de Touro telf. 981504029



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

EXPEDIENTE 2023/G006/000240. Bases reguladoras das axudas de carácter económico destinadas ao gasto de consumo enerxético das persoas consumidoras vulnerables

1. CONTEXTUALIZACIÓN

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, con data do 25/11/2022, aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+2023”.

BOP

Os destinatarios deste Plan son os 93 concellos da provincia aos que se lles asignan as cantidades que resultan da aplicación dos criterios establecidos na base 4, así como as que proceden do reinvestimento, nos concellos nos que se produciron, das baixas de licitación e anulación de investimentos do POS+ 2019,2020 e 2021 que non foran previamente reinvestidas.

No financiamento deste Plan participa a Deputación provincial da Coruña e, de ser o caso, os concellos que voluntariamente realicen achegas para completar o financiamento dos seus investimentos.

Este Plan, contempla diferentes liñas de subvencións, entre as que figura o desenvolvemento do Servizos Sociais, POS+Adicional 1/2023 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2023 (Base 12). O POS+1 adicional 2023 para gastos sociais extraordinarios, xurde co fin de apoiar os servizos sociais municipais , e incrementar o gasto social extraordinario e a tramitación urxente das prestacións sociais necesarias en situación de risco para persoas vulnerables.

En canto aos gastos sociais, o concello poderá destinar a “achega provincial 2023 extraordinaria” ao financiamento dos gastos sociais, segundo se detallan na Base 12, a través do “POS+Adicional 1/2023 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2023”.

O Concello de Touro presentou e ten aprobada a súa solicitude para o POS+1 adicional 2023 para gastos sociais extraordinarios. Entre os programas aprobados inclúense as axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás persoas consumidoras vulnerables (12.1.h). Este programa consta dun orzamento de 30.000€.

2. OBXECTO

A Base 12 deste Plan, plantexa que, as consecuencias socioeconómicas da actual crise distribúense de forma desigual na poboación, producindo un impacto social elevadísimo, aumentando os niveis de pobreza e exclusión social de aqueles colectivos máis vulnerables.

O incremento que sufriu o prezo da electricidade, levou consigo un aumento na demanda do bono social de electricidade, que, non sempre resulta favorable para as persoas solicitantes. Esta demanda é un indicador da necesidade de axuda económica, por parte de persoas vulnerables, para afrontar os custes básicos da electricidade da súa vivenda.

Por medio deste regulamento, establécense axudas de carácter económico destinadas ao gasto de consumo enerxético das persoas consumidoras vulnerables, contando cun orzamento de 30.000€.

A axuda farase efectiva a través do pago dos gastos de subministración de electricidade, previamente xustificadas polas persoas xa sexan facturas pagas o pendentes de pago

3. PERSOAS DESTINATARIAS

Serán destinatarias destas axudas as persoas con plena capacidade de obrar ou o seu representante legal, que a soliciten e a perciban, en nome propio e sexan titulares do contrato de subministración de electricidade da vivenda de uso habitual ou teñan un contrato de aluguer vixente aínda que o titular sexa o arrendador.

A persoa titular ou arrendadora da vivenda asumirá a representación da citada unidade.

Non se poderá conceder máis dunha axuda por unidade de convivencia.

4. REQUISITOS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Encontrarse nunha situación de persoa consumidora vulnerable: persoas ou familias soas, menores, persoas maiores e/ou dependentes, persoas con diversidade funcional, persoas con enfermidade mental, persoas con adiccións, mulleres vítimas de violencia de xénero, e aquelas persoas en risco de exclusión social que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas.

Ademais, as persoas solicitantes, consumidoras vulnerables, deberán cumprir algún dos seguintes requisitos:

a) Que a súa renda ou a renda conxunta anual da unidade de convivencia a que pertenza sexa inferior ou igual ao 2 X IPREM de 14 pagas.

Cando a súa unidade de convivencia estea formada por máis dunha persoa, o multiplicador de renda respecto ao índice IPREM de 14 pagas se incrementará en:

0,5 por cada membro adicional maior de idade que conforme a unidade de convivencia

0,75, por cada menor de idade da unidade de convivencia.



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

IPREM MENSUAL: 579,02

IPREM ANUAL X 14 PAGAS = 8.106,28 €

b) Que a persoa consumidora ou todos os membros que teñen ingresos na unidade de convivencia sexan pensionistas do Sistema da Seguridade Social (xubilación ou incapacidade permanente) e perciban a contía mínima vixente en cada momento, para ditas clases de pensión, e non ter outros ingresos cuxa contía agregada anual supere os 500 euros.

c) Que a persoa consumidora ou algún membro da súa unidade de convivencia sexa beneficiario do Ingreso mínimo vital, conforme ao establecido na Lei 29/2021, do 20 de decembro, pola que se establece o ingreso mínimo vital.

d) Que a persoa consumidora ou algún membro de súa unidade de convivencia sexa beneficiario ou sexa perceptor da RISGA, conforme ao establecido na Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.

e) Acreditar os custes de electricidade correspondentes ao ano 2.022 no seu domicilio habitual.

Para o cómputo dos ingresos, o Concello terá en conta a base imponible xeral **e de aforro da última declaración do IRPF** (2021). No caso de que a persoa non estea obrigada a presentar a declaración do IRPF acreditará os ingresos anuais a través de nóminas, certificados do INEM, certificados da Seguridade Social, percepción de subvencións, certificados de intereses bancarios ou de calquera outra forma que os Servizos Sociais Comunitarios Básicos considere necesaria para acreditar os ingresos.

f) Estar empadroado/a no Concello de Touro nunha data anterior á data de publicación destas bases.

5. TIPOLOXÍA E CONTÍA DAS AXUDAS

A) Axudas para pago dos gastos de subministración de electricidade, previamente xustificadas polas persoas beneficiarias.

Axustarase a contía da axuda á necesidade formulada ata un importe máximo de: 150€. Estas axudas non poderán superar o custe das facturas presentadas pola persoa solicitante.

As axudas resolveranse por orde de puntuación ata o esgotamento da partida orzamentaria prevista.

6. BAREMACIÓN DAS AXUDAS

As solicitudes que se reciban serán valoradas polos servizos sociais municipais, aplicando o baremo correspondente. Para iso, establécense os seguintes criterios que se ponderarán unha vez se cumpran os requisitos de acceso á convocatoria, establecidos no punto 4 deste regulamento:

Familias numerosas: 1 punto

Ingresos económicos inferiores nun 50% aos establecidos nos requisitos de acceso: 1 punto

Persoa na unidade familiar con discapacidade ou dependencia: 1 punto por cada unha nesta condición

7. DOCUMENTACION

1. Solicitude de axuda, segundo o modelo, debidamente cumprimentado.
2. DNI NIF da persoa solicitante e das persoas maiores de 16 anos da unidade familiar.
3. Libro de familia
4. Facturas de subministración de electricidade correspondentes ao exercicio de 2022.
5. Declaración do IRPF dos membros da unidade familiar con obriga de presentala: No caso de non presentar a dita declaración, presentarán o certificado de rendas correspondente ao Exercicio de 2022.
6. Certificado de pensión para o caso de pensionistas que perciban a contía mínima vixente.
7. Documento que acredite a titularidade de conta bancaria.
8. Título de familia numerosa se fose o caso.
10. Compromiso de destinar a axuda á finalidade para a que é concedida, segundo modelo.
11. Declaración das axudas recibidas polos mesmos conceptos.
12. Calquera outra documentación que para a correcta valoración da solicitude lle poida ser requirida durante a tramitación.

8. FORMA, LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

A solicitude acompañada da documentación complementaria especificada presentarase a través da sede electrónica ou no rexistro de entrada do concello de Touro dirixida ao Alcalde - Presidente.

De xeito excepcional, os expedientes poderán ser presentados de oficio, cando concorran circunstancias graves, extraordinarias ou urxentes que así o aconsellen.

O prazo para a presentación de solicitudes será de 10 (dez) días hábiles posteriores ao día seguinte da publicación destas bases.



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

8. TRAMITACIÓN

Unha vez recibida a solicitude, e en caso necesario, requirirase ó interesado para que proceda á emenda de erros ou para achegar a documentación necesaria nun prazo de 10 días, facéndolle saber que no caso contrario a súa solicitude será desestimada.(art. 68 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), procedéndose ó arquivo do expediente.

O expediente será valorado polos Servizos Sociais Comunitarios básicos, que elaborará un informe preceptivo coa proposta de valoración correspondente.

9. RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN ÁS PERSOAS SOLICITANTES

A solicitude, coa documentación adxunta, o correspondente informe social, e logo de fiscalización de Intervención, será elevado a Xunta de Goberno Local para que emita a resolución correspondente, na que polo menos quedará reflectido: beneficiario, concepto, contía e forma de pagamento. En todo caso, a axuda concederáse en función dos créditos dispoñibles neste Concello para estas prestacións:

1. Partida destinada ao gasto de consumo enerxético das persoas consumidoras vulnerables: 30.000€.

10. XUSTIFICACIÓN

Presentación das facturas de electricidades xa sexan pagas ou non correspondentes ao ano 2022



ANEXO I

SOLICITUDE DE AXUDA DE CARÁCTER ECONÓMICO DESTINADA AO GASTO DE CONSUMO ENERXÉTICO DAS PERSOAS CONSUMIDORAS VULNERABLES

1. DATOS DO/A SOLICITANTE

Nome e apelidos:

DNI:

Enderezo:

Teléfono fixo:

Teléfono móbil:

Correo electrónico:

E, na súa representación, (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

Nome e apelidos:

DNI:

NÚMERO DE CONTA BANCARIA PARA O PAGO DA SUBVENCIÓN

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA

1. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
2. Que está ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, autorizando ao Concello de Touro a comprobar de oficio que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias.



DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA FOI PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

1. Solicitude de axuda, segundo o modelo, debidamente cumprimentado.
2. DNI NIF da persoa solicitante e das persoas maiores de 16 anos da unidade familiar.
3. Libro de familia
4. Facturas de subministración de electricidade correspondentes ao exercicio de 2022.
5. Declaración do IRPF dos membros da unidade familiar con obriga de presentala: No caso de non presentar a dita declaración, presentarán o certificado de rendas correspondente ao Exercicio de 2022.
6. Certificado de pensión para o caso de pensionistas que perciban a contía mínima vixente.
7. Documento que acredite a titularidade de conta bancaria.
8. Título de familia numerosa se fose o caso.
10. Compromiso de destinar a axuda á finalidade para a que é concedida, segundo modelo.
11. Declaración das axudas recibidas polos mesmos conceptos.
12. Calquera outra documentación que para a correcta valoración da solicitude lle poida ser requirida durante a tramitación.



CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS

Coa finalidade de poder tramitar esta solicitude de subvención, solicitamos o seu consentimento para a comprobación de datos necesarios. A persoa interesada autoriza á consulta a outras administracións públicas da información referida a:

	Si consinto	Non consinto
Estar ao corrente coas obrigas tributarias		
DNI/NIE da persoa solicitante		
Empadramento da persoa solicitante		

No caso de non autorizar a consulta, deberá aportar o/os documento/s correspondente/s.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

O Responsable de Tratamento dos datos persoais é CONCELLO DE TOURO, con dirección na rúa Isabel II, nº26, 15822 - TOURO (A CORUÑA); correo@concellodetouro.gal.

1.- DPO: O Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE TOURO é Servizos de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. có que poderá contactar en correo@concellodetouro.gal.

2.- Finalidade do tratamento: A finalidade deste tratamento é a tramitación administrativa da xestión desta axuda.

Para a correcta prestación do servizo, poder ser necesario solicitarlle datos sobre a discapacidade do/a menor causante da axuda, coa finalidade de realizar os trámites relativos á súa solicitude.



Prazo de conservación: os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude, así como para dar cumprimento legal ás xestións administrativas derivadas da prestación do servizo. No suposto de solicitar a supresión destes datos, serán conservados ata que se vexa cumprido o prazo de prescrición de posibles responsabilidades derivadas do seu tratamento.

3.- Lexitimación: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga coa firma da presente circular.

4.- Destinatarios de cesións:

Por tratarse dunha solicitude de subvención, os datos persoais facilitaránse a tódalas Administracións Públicas con competencia na materia, no caso de ser requiridos.

Así mesmo, os seus datos serán facilitados á entidade financeira que vostede indique para o pago desta subvención.

5.- Dereitos: O Concello de Touro dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, na casa do concello ou por correo electrónico en: correo@concellodetouro.gal, sempre acompañados dunha copia do seu DNI que acredite a súa identidade.

Touro,

Ado. .:

ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DE TOURO



ANEXO II

COMPROBACIÓN DE DATOS DOUTRAS PERSOAS DA UNIDADE FAMILIAR QUE NON FIGUREN COMO SOLICITANTES. SOLICITUDE DE AXUDAS DE CARÁCTER ECONÓMICO DESTINADAS AO GASTO DE CONSUMO ENERXÉTICO DAS PERSOAS CONSUMIDORAS VULNERABLES

As persoas interesadas, mediante a súa sinatura, aceptan a incorporación dos seus datos persoais ao expediente en tramitación. No caso de terceiras persoas interesadas menores de idade o presente documento deberá ser asinado por un dos proxenitores, titor/a ou representante legal. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

A persoa interesada autoriza á consulta a outras administracións públicas da información referida a:

1. Datos do/a outro/a proxenitor/a

NOME E APELIDOS	DNI	Estar ao corrente coas obrigas tributarias	DNI/NIE da persoa solicitante	Empadroamento	Sinatura
		Si/ Non consinto	Si/ Non consinto	Si/ Non consinto	

Touro, ___ de _____ de 2023